

O **Centro Municipal de Formación – Fórum Carballo** presta os seus servizos formativos á comunidade, proporcionándolle aos traballadores e traballadoras preferentemente inactivos/as un recurso para a mellora da súa capacidade de inserción. Por medio da formación nas diversas especialidades homologadas no centro, o alumnado accede a unha mellor capacitación, así como a adquisición das aptitudes e habilidades necesarias para promocionarse profesionalmente.

Coa implantación dun sistema de xestión de calidade, segundo os requisitos establecidos na Norma UNE-EN ISO 9001:2015, desde o **Centro Municipal de Formación – Fórum Carballo** adquirimos os seguintes compromisos:

- Prestar un servizo de formación de calidade que asegure o cumprimento dos requisitos establecidos, ben veñan determinados pola normativa vixente, ben derivados dos nosos acordos coas diferentes partes interesadas que afectan á calidade dos nosos servizos.
- Asegurar o establecemento de mecanismos para a mellora continua, a través das diferentes ferramentas establecidas na norma de referencia.
- Establecer obxectivos de mellora, a partir da información obtida tanto dunha análise exhaustiva de contexto coma do coñecemento das expectativas e necesidades das partes interesadas, que nos permitan identificar e avaliar os riscos e oportunidades que poden afectar directamente ao desempeño do noso sistema de xestión.
- Comunicar a presente política ás partes interesadas, facilitando a súa comprensión, e facendo partícipes a cada unha das partes interesadas na identificación das súas expectativas e necesidades, na detección de riscos e oportunidades e no seguimento para asegurar a mellora continua.

Carballo, 15 de xaneiro de 2026

A dirección